

EXERCICIOS ARTE E ESPECTÁCULO

1. Escribe os seguintes elementos do teatro con cadansúa definición

Bambolina, bastidor, claque, proscenio, tremoia, platea, trapela

- a. Palco situado á altura do patio de butacas:
- b. Conxunto de mecanismos utilizados no teatro para producir efectos especiais:
- c. Grupo de espectadores contratados para aplaudir unha obra teatral:
- d. Cada unha das tiras pintadas que atravesan dun lado a outro do escenario e nas que se representa a parte superior da decoración:
- e. Parte do escenario máis próxima ao público:
- f. Armazón de madeira cuberto de teas, que forma a decoración lateral do escenario:
- g. Anaco do piso do escenario que se pode baixar ou subir para que persoas ou cousas saian a escena ou desaparezan:

2. Completa agora cada frase coa palabra que corresponda. Fai as contraccións necesarias

gardarroupa, pano, peiteadores, despacho de billetes, montaxe, orquestra, comparsa, estrea, foso, escena,

- a. Antes de ser actor protagonista actuou moitas veces de _____ acompañando estrelas consagradas.
- b. Aínda que todos os da compañía estaban moi nerviosos o día de _____ a nova _____ tivo unha boísima acollida.
- c. Emocionouse tanto co seu papel de espadachín que acabou caendo en _____ da _____.
- d. Naquel teatro ía tanta friaxe que ninguén deixaba o abrigo en _____ da entrada.
- e. Un dos momentos máis máxicos do teatro é cando sobe _____ e comeza a primeira _____.
- f. Aqueles peiteados tan barrocos que lucían as actrices deberon de darlle moito traballo aos _____.

- g. Dúas horas antes de que abrise o _____ xa había unha cola de cen persoas para quitar as entradas.

3. Escribe o xénero teatral que corresponde a cada definición

Traxicomedia, drama, sainete, farsa, ópera, comedia, opereta, pantomima, zarzuela, traxedia
--

- a. Obra de teatro en que se presentan nun ton cómico caracteres e costumes e que ten un final feliz:
- b. Obra de teatro de carácter serio onde a acción trágica vai acompañada de elementos realistas e cómicos:
- c. Obra de teatro de carácter serio, na que interveñen personaxes importantes e na que o protagonista é conducido polo seu fado cara un desenlace fatal:
- d. Obra de teatro que intercala na súa parte trágica elementos cómicos:
- e. Peza teatral de carácter cómico e popular, representada nun só acto:
- f. Pequena peza de teatro de carácter cómico e grotesco con certo grao de esaxeración:
- g. Obra de teatro musical típica española na que se canta e, ás veces, tamén se recita:
- h. Obra musical e teatral:
- i. Obra musical de teatro, con partes faladas e partes cantadas, breve e xeralmente cómica:
- j. Obra teatral na que os personaxes se expresan só con xestos e movementos:

4. Aquí tes a sinopse e a ficha técnica e artística do filme *Doentes*.

Seguindo este modelo, elabora ti unha ficha dunha película que vises nos últimos tempos ou que che guste especialmente. Tamén podes inventala!



Na década dos 1950 o Hostal dos Reis Católicos -daquela Hospital Real- botou á rúa os doentes, peregrinos e pobres para converterse nun hotel de luxo. Un vello cura castrense presunto ferido de guerra, acompañado dun tísico, queda así á intemperie na miserable noite compostelá, e tenta tirar de todos os fíos que lle quedan para recuperar un acubillo. Historia baseada na obra dramática orixinal de Roberto Vidal Bolaño. Estrea 20/5/11.

Palmarés: Foi unha das grandes vencedoras dos Premio Mestre Mateo 2011 (entregados en 2012), gañando varios dos galardóns principais, incluíndo mellor longametraxe de ficción e mellor interpretación masculina protagonista Antonio Durán, Morris.

Ficha artística

Dirección: / Gustavo Balza
Dirección artística: / Alexandra Fernández
Dirección de produción: / Enrique Batet
Dirección fotografía: / Suso Bello
Guiónista: / Gustavo Balza / Roberto G. Méndez
Intérpretes: / Rosa Álvarez / Xosé Bonome / Evaristo Calvo / Ernesto Chao / Laura Ponte / María Vázquez / Roberto "Luna" Sánchez / Antonio Durán "Morris" / Xosé Manuel Oliveira "Pico"
Montaxe: / Sandra Sánchez
Música: / Bieito Romero
Produción Executiva: / Antón Reixa / Francisco G. Santos

Ficha técnica

Produtora: / Filmanova Invest / Zircocine, S.L.
Subvención ou axuda pública: / Agadic / Consellería de Cultura (Xunta de Galicia)
Título orixinal: Doentes
Tipo: **Longametraxe**
Xénero: **Dramedia**
Coprodución
Realizada a cor
Duración: 95'
Orixe: Galicia
Ano: **2010**
Idioma V.O.: Galego (5 copias en galego en salas comerciais: Filmax na Coruña, Multicines Centro en Lugo, Cines Compostela en Santiago, cines Praza Elíptica en Vigo, Multicines Gran Arousa en Vilagarcía)
Importe subvencións: 300.000 €
Capital Galego: 100 %